

INSCRIPCIÓN

Envía un mail a xornalistas@xornalistas.com co teu nome, número de colexiado e teléfono de contacto antes do 24 de novembro.

Número de prazas limitadas que serán darán por rigurosa orde de chegada. Inscripción gratuíta para colexiados e colexiadas do CPXG.

máis información

Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia
San Pedro de Mezonzo, 36, 1º
15701 Santiago de Compostela
xornalistas@xornalistas.com
www.xornalistas.com

CURSO DE FORMACIÓN PARA XORNALISTAS

XORNALISMO e REDES SOCIAIS: as NOVAS FERRAMENTAS DA COMUNICACIÓN

26/11/2011

Centro Social Novacaixagalicia
Policarpo Sáenz, nº 24, Vigo



Organiza



**COLEXIO
PROFESIONAL
DE XORNALISTAS
DE GALICIA**


Colabora




**XUNTA
DE GALICIA**


Nos últimos anos tense producido a explosión das chamadas redes sociais como novas ferramentas que teñen modificado as formas de comunicación. Os medios e o xornalismo non son alleos a este proceso. Como incorporar as redes sociais á construción do discurso informativo? Como usar estas novas ferramentas na procura de novos datos e opinións? Como empregalas no desenvolvemento nos medios tradicionais? Como construír a imaxe profesional a través das redes? Son algunhas cuestións que se pretenden contestar no curso formativo organizado polo Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, coa colaboración da Secretaría Xeral de Medios da Xunta baixo o título: Xornalismo e redes sociais, as novas ferramentas da comunicación.

PROGRAMA

 **10:30 a 12:00**
'Os xornalistas ante as redes sociais: usos e abusos' Carlos Toural, xornalista e membro do grupo Novos Medios da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC.

 **12:00 a 12:30**
Descanso

 **12:30 a 14:00**
'Estratexias e oportunidades do xornalismo na era dixital' Javier Varela, Consultor de Mercadotecnia, Estratexia e Comunicación 2.0 en toctocmedia.

 **16:30 a 18:00**
'Importancia do personal branding no futuro do xornalismo' Rubén Bastón, Social Media Director da axencia de marketing dixital Elogia.

ponentes

 **Carlos Toural**

Licenciado en Xornalismo pola USC, leva dende o 2006 no grupo de investigación de Novos Medios. Ademais de realizar labores docentes na Facultade de Ciencias da Comunicación, realiza investigacións sobre novos formatos xornalísticos, comunicación dixital e redes sociais. Con 27 anos, está a piques de presentar a súa tese de doutoramento sobre información deportiva, e ten impartido varios cursos sobre o uso das redes sociais.

 **Javier Varela**

Consultor de Mercadotecnia, Estratexia e Comunicación 2.0 en toctocmedia, axencia especializada en mercadotecnia online, social media e comunicación. Traballou en multitude de proxectos para institucións públicas e importantes marcas e empresas, como Volkswagen, Absolut, Telefónica, Havana Club, Fundación Altius, Lizarrán, Albariño Paco & Lola, Igape... Tamén colaborou en campañas na web 2.0 para Destinia, Monster, McDonalds, Noogle, Spoonch, etc.

 **Rubén Bastón**

Social Media Director da axencia de marketing dixital Elogia. Estudou Xornalismo na USC e traballou en La Voz de Galicia e Radio Galega, para despois especializarse en Internet. Coautor de libros dos inicios da Web 2.0 como "Web 2.0 e empresa: manual de aplicación en contornas corporativas" (ANEI, 2008) ou o "Libro Branco dos medios sociais" (IAB-Spain, 2009). Con 28 anos xestiona un equipo de 12 profesionais entre Vigo e Barcelona, coordinando campañas internacionais de comunicación.